

O factor angustia¹

Carlos Martínez

A angustia elixida por Lacan para o seu décimo seminario, a angustia Lacaniana é unha vía de acceso ao obxecto a minúscula, concíbese como a vía de acceso a aquilo que non é significante. A angustia que non é significante, como vía de acceso ao resto que non é significante. Lacan constrúe diante nosa o obxecto *a* minúscula, que non é como os outros obxectos modelados sobre a imaxe. Cando entramos neste seminario aínda temos a noción de que a imaxe especular é o prototipo do mundo dos obxectos, que o mundo esta feito de obxectos cuxo prototipo é a propia imaxe, sendo este seminario unha crítica do imaxinario, unha crítica do estadio do espello, Lacan vese conducido a forzar os seus propios esquemas do especular, abrindo un novo espazo onde o especular atopa novos términos que xa non se parecen aos do estadio do espello. O punto de vista neo-hegeliano que ao principio parecía ocupar a escena, cede o seu lugar a algo que non se presta á dialéctica, un resto Absoluto que fai obstáculo á dialéctica e á lóxica do significante, un resto que non se pode resolver nin disolver sendo a función deste resto antinómica da Aufhebung hegeliana que era a clave da ensinanza precedente de Lacan, que recorre a angustia como unha vía alternativa a Aufhebung. Ó longo do seminario revélase que esta rede de significantes, ao igual que o nivel especular son golpeados por certa impotencia e a angustia constitúese como a "única aprehensión última de toda realidade como tal".

Nun seminario titulado "*A Angustia*" cabería esperar que fose abordada dende a "angustia de castración" que a ensinanza de Lacan tiña posto de relevo como unha función estruturante de toda relación de obxecto no Seminario IV "*A relación de obxecto*", coas súas referencias ao desexo e a demanda seguindo de preto os pasos de Freud, cando di que a angustia é sen obxecto. Lacan revisará o concepto de obxecto porque co anterior o obxecto da angustia é invisible, inatrapable. Correlativamente a pór o acento na ausencia de obxecto

¹ Trabajo presentado na Xornada Interna da APsG do 22 de xuño de 2013

da angustia, neste Seminario IV, a fobia é esencial como remedio para a angustia, fobia como medo a un obxecto, que concirne a algo articulable, nomeable, real. Neste seminario IV o real é aínda articulable e nomeable, estes obxectos producidos pola fobia aínda son significantizables. A partir do seminario da Angustia Lacan sinala que a angustia sen obxecto non queda abolida coa fobia e a súa creación significativa, hai un resto, "un residuo de todo singular" unha mancha (a mancha que Juanito ve na boca do cabalo, ou a do cadro de Veronés).

O camiño do seminario da Angustia é o de unha desimbolización do obxecto, unha designificantización do obxecto que é correlativo dunha desimaxinarización, e todo isto poñendo en cuestión un dos paires que Lacan ten establecido como ensinanza: a súa noción do falo como significativo, esforzándose en elaborar unha falta irreductible ao significativo, unha nova estrutura da falta, unha estrutura non significativa da falta que pasa pola topoloxía e danos un estatuto inédito do corpo; non se trata dun corpo fóra do significativo, a anatomía comporta a función do corte que oporemos a do rasgo. A función significativa preside a operación do rasgo, en particular na *Aufhebung* cuxo efecto é anular e elevar. A *Aufhebung*, transforma o significable en significativo, mentres que a función do corte separa un resto que non é significable.

Unha clave que Lacan aporta para a lectura do seminario é unha división; unha división do Outro pola interrogación do suxeito, a división subxectiva dá o suxeito barrado, marcado polo significativo pero Lacan engade un termo heteroxéneo ao significativo que chama *a* minúscula, é dicir o goce, que aparece no réxime da excepción. Na estrutura da linguaxe hai algo que non pode reducirse ao significativo e é asimilado sumariamente ao corpo como vivinte, emerxe baixo a forma de resto: resto da operación subxectiva que concirne ó Outro. Resto órgano que obxecta a dialéctica, que non é un resto desexo, senón un resto goce, un resto rebelde a *Aufhebung*. Lacan inspírase en aquilo que Freud illa como resistente a dialéctica do desenrolo, a fixación illa o que é remiso a *Aufhebung* significativa, o que na economía do goce de cada un non cede a falicización. No seminario da Angustia o goce libérase da suxeición

significante, da súa prisión fálica e os obxectos *a* minúscula dan corpo ó goce. O menos Fi xa non é o da castración imaxinario-simbólica senón o menos Fi órgano, deixa de ser o símbolo da castración e devén unha propiedade anatómica do órgano masculino, que se opón totalmente a súa imaxinarización como potencia, posto que a detumescencia que golpea a este órgano no momento do seu goce, é unha particularidade humana que non mobiliza nada do que mobiliza a castración, é un dato. O falo significativo atópase no camiño do desexo, o falo órgano descóbrese no camiño do goce; desto dedúcese outra posición, unha estruturación distinta da posición feminina que comeza neste seminario.

Neste seminario prodúcese unha ruptura que fai esquecer as construcións baseadas na "privación", na "frustración", na "castración", no "falo imaxinario", no "falo simbólico" cunha expresión que evidencia a innovación "Á MULLER NON LLE FALTA NADA". No camiño do goce é o varón quen atopa a menos Fi baixo unha forma detumescente, como un "non poder" situando Lacan con precisión que é o varón quen ten relación coa falta, o falo significativo rexeitado ao rango de señuelo como emblema da potencia que conduce ao varón a impostura e pode levar á muller, se se identifica con el, á mascarada. Na tradición analítica o camiño da muller para asumir a súa posición é máis complicado co do home. No seminario da Angustia dáse o reverso da sexualidade feminina, aparecendo a relación do home co desexo complicada e limitada por menos Fi e a detumescencia como particularidade anatómica, onde a angustia vincúlase con ese "non poder" máis que coa ameaza paterna, asistindo a unha inversión da doxa analítica. Lacan distinguirá dous fantasmas, do lado masculino o masoquismo imputado a muller e do lado da muller o fantasma de Don Juan suxeito ao que non lle faltaría nada.

Nunha nota engadida ao final de "Posición do inconsciente" sinala que este texto, que sitúa o mecanismo de alienación e separación, ten un valor de escansión en relación ao comezo da súa ensinanza, inaugurado con "Función e campo da palabra e o linguaxe", dáse no seminario da Angustia un cambio de coordenadas. Fai saltar o obstáculo conceptual da angustia de castración ao resituala ao nivel do órgano masculino, do seu funcionamento na cópula no

momento do orgasmo. Lacan fai da detumescencia do órgano, da súa carencia, do esvaecemento da función fálica no acto sexual o "principio da angustia de castración", este principio xa non se sitúa o nivel de ningún axente da castración, de ningún Outro que profire ameazas, non se inscribe no Edipo. Asistimos á substitución da Mitoloxía pola Topoloxía . Lacan ao subtraer a mitoloxía edípica do psicanálise, restitúe un máis aló do mito coa forma do Mito ultraelemental da laminilla; este mito constrúese para dar vida a libido concibida como órgano. O importante deste mito é que illa o órgano libido como efecto dunha perda natural , una perda sen axente. A invención é dicir que nesta división , algunha cousa se perde baixo a forma de órgano libido. Lacan ao falar de "constitución circular do obxecto" desminte a retroacción do Edipo e o que elabora como obxecto *a* minúscula é una función xeneralizada que non é edípica nin tampouco cronolóxica, senón topolóxica e se se quere sincrónica .

A fórmula "o desexo é a lei" é un comprimido do Edipo. Nas primeiras elaboracións de Lacan calcadas de Freud, o pai enuncia a lei, cando Lacan volta a este tema apunta a un estatuto do obxecto anterior o desexo, ao obxecto do desexo, e anterior a lei, a súa simbolización fálica, anterior a constitución da función paterna.

O que é anterior ao obxecto do desexo é o obxecto real , cuxo paradigma é o seo materno, o obxecto oral, que no sistema conceptual precedente ó seminario da Angustia concibíase como un obxecto exterior, un obxecto da nai e como un obxecto da necesidade que satisfai a fame. Na elaboración do que Lacan chama a dialéctica da frustración amosa como este obxecto real devén simbólico, e dicir, como este obxecto de satisfacción transformase en obxecto de don, o obxecto real devén signo de amor; a economía do desexo no sistema precedente está determinada polo amor, a vía privilexiada para acceder ao obxecto do desexo será a vía do amor. O que opón Lacan a vía do amor que ten seguido ata entón e que levaba ao obxecto simbólico, o falo como símbolo do Desexo da Nai e o desexo como desexo do Outro é a vía da angustia que conduce ao obxecto real; ten como obxectivo levar ao obxecto de satisfacción, una satisfacción que non está referida a necesidade, senón a pulsión, una

satisfacción que é goce. A angustia como vía para acceder, no que concirne ao obxecto, a una dimensión distinta da que permite a vía do amor. O aforismo "Só o amor permite ao goce condescender ao desexo" resume a dialéctica da frustración; o amor vela eiqui a angustia e o que a angustia produce, o obxecto do desexo.

A oposición entre a vía da angustia e a vía do amor confronta os seminarios da Angustia e o da Transferencia, este segue a vía do amor para esbozar a función de obxecto e atopando baixo a forma de *agalma*, obxecto precioso sobrevalorado que se sitúa no campo do Outro e da conta da transferencia.

Lacan adéntrase neste seminario no máis acó do desexo onde está o goce e a angustia, trátase dun ternario ordenado que preséntase as veces como unha cronoloxía dun tempo lóxico en tres momentos; do Goce di que é un momento mítico que ten o valor de designar o máis real, do tempo da angustia di que non está ausente na constitución do desexo, aínda que estea elidido, aínda que non sexa perceptible no concreto. A doutrina clásica da constitución do desexo en Lacan cambia neste seminario ao designar o desexo como un momento analítico en tanto depende propiamente da interpretación, ata o punto en que Lacan o identifica coa interpretación analítica dicindo que "o desexo é a súa interpretación" porque o estatuto do desexo é o de estar reprimido, traducindo o desexo reprimido como metonímico, como un desexo que se desliza baixo as palabras, baixo a cadea significante. Existe outra cara do desexo que é fenomenolóxica: o desexo entanto fascinado polo obxecto; Lacan desenrola eiqui o que un ano máis tarde elaborará de xeito máis conciso como a causación do suxeito a partires das operacións de *alienación e separación*.

Estes dous adxectivos, reprimido e fascinado, introducen una antinomía na definición lacaniana do desexo; por un lado temos o estatuto metonímico da instancia do desexo, un desexo invisible, inaudible se non é polo analista, e por outro o estatuto imaxinario do obxecto; a novidade respecto ao estatuto metonímico que Lacan fundou na "instancia da letra" consiste en sinalar que o desexo en cuestión é un desexo de nada, que non é máis que a metonimia da falta en ser e que ao cabo do desexo non hai nada. Ate o seminario da Angustia a escena do desexo está sempre estruturada pola intencionalidade do desexo,

neste modelo o desexo ten o obxecto diante seu, o incluído na estrutura do fantasma diante do desexo responde a esta estrutura de intencionalidade. No seminario da Angustia recusa esta estrutura intencional, elaborando no canto da estrutura intencional a estrutura da causalidade do obxecto introducíndoa coa frase "o verdadeiro obxecto do que se trata non está diante senón atrás" distinguiré neste seminario o obxecto-meta do obxecto-causa. O obxecto meta entra en escena co vencello amoroso mentres Lacan ilustra a función do obxecto causa coa angustia, sendo o estatuto ético do obxecto meta o *agalma* mentres que o obxecto causa pertence máis ben a orde do *palea*, o refugallo, adicando longos desenrols ao obxecto anal que permanece como paradigma dunha función eminente do obxecto causa.

A primeira vez que Lacan chega o obxecto-causa ilústrao co fetiche da perversión fetichista, facendo descender o rango do obxecto fascinante do desexo a un "ten que estar alí", elaborando un obxecto que é condición do desexo, xa non se trata da intencionalidade se non da súa condicionalidade. No seminario da Angustia rectificará esta senda para restituír o obxecto parcial o seu lugar de obxecto causa, o obxecto parcial queda referido ao lugar da causa coas formas de resto e refugallo, concibindo o desexo como un obxecto caído, cortado, caduco, separado, que o suxeito cedeu, e cuxo paradigma é o obxecto *a*. Esta desvalorización do desexo ao dicir que o obxectivo do desexo é sempre un falso obxectivo acompañará a Lacan no resto da súa ensinanza.